

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreira González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a Vanessa Quintela Pedreira

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

En Arzúa, a 31 de agosto de 2016.

Sendo as 20:10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2016.**

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º **FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS, CON MOTIVO DAS ELECCIONS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2016.**

Polo secretario douse lectura do artigo 25 nº 1 e do artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, segundo a modificación realizada pola Lei Orgánica 2/2011 de 28 de xaneiro.

Acordandose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- proceder á designación dos presidentes e vogais, titulares e

suplentes, que integrarán cada unha das nove Mesas Electorais; tomando por base o censo electoral que foi facilitado polo Instituto Nacional de Estadística, utilizando para realizar o sorteo (refirido no nº 2 do artigo 26) o programa informático proporcionado pola Deputación Provincial, entre as persoas censadas na Sección correspondente, que fosen menores de setenta anos e que reúnan os requisitos necesarios para ser presidente ou vogal, segundo os casos:

Sendo o resultado do sorteo realizado o seguinte:

Sección Primeira: Mesa A

Titulares:

Presidente: Guadalupe Mariño Barreiro
1º vogal: M.^a del Carmen Bendaña Ramos
2º vogal: Vanesa Iglesias Montero

Suplentes:

De presidente: Alba Maria Canals Navarro
De presidente: Lorena Cendon Crego
De 1º vogal: Manuel Alfonso Camino Veiga
De 1º vogal: Ramón María Costoya Valiño
De 2º vogal: Maria Angeles Mendoza Conde
De 2º vogal: Oscar Dieguez Pintor.

Sección Primeira: Mesa B

Titulares:

Presidente: Jorge Nieto Villar
1º vogal: Rocio Ramos Lamela
2º vogal: María del Mar Rodríguez Vaamonde

Suplentes:

De presidente: M. Elena Quintela Alonso
De presidente: José Manuel Tobar Rivadulla
De 1º vogal: Miriam Vázquez Vázquez
De 1º vogal: Daniel Sánchez Seijo
De 2º vogal: Antia Villar Paz
De 2º vogal: M Teresa Villar Sánchez

Sección Segunda: Mesa A

Titulares:

Presidente: María Luisa Mosteiro Vázquez
1º vogal: Alba Fariña Moscoso
2º vogal: Susana Vázquez Sánchez

Suplentes:

De presidente: María Teresa Aller Conde
De presidente: Martín Balado Varela
De 1º vogal: Raquel Santos Becerra

De 1º vogal: David Vázquez Mato
De 2º vogal: Daniel Quintela Carril
De 2º vogal: Miguel Rivadulla Sánchez

Sección Segunda: Mesa B

Titulares:

Presidente: Tania Mosquera Canosa.
1º vogal: Juan Carlos Furelos Martínez
2º vogal: Tamara Jarazo García

Suplentes:

De presidente: Maite Pérez Crego
De presidente: María Jesus Sánchez Calvo
De 1º vogal: David Blanco Castro
De 1º vogal: Begoña Vázquez Sánchez
De 2º vogal: Manuel Montero Balado
De 2º vogal: Eduardo Vaamonde Mella

Sección Tercera: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Ane Camino Urbietta
1º vogal: Rocio Nuñez Varela
2º vogal: Diego Rodríguez Rodríguez

Suplentes:

De presidente: Lydia Castro Vázquez
De presidente: Ruben Jesus Bolaño Martinez
De 1º vogal: Nuria Carreira Vázquez
De 1º vogal: Carlos Seoane Fernández
De 2º vogal: Adrian Vázquez Peon
De 2º vogal: Patricia Villar Parrado

Sección Cuarta: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Rocio Conde Sánchez
1º vogal: Eva María Sánchez Rey
2º vogal: Sandra Carregal Castelo

Suplentes:

De presidente: Manuel Vaamonde Villar
De presidente: Josefa Conde Barco
De 1º vogal: Javier Carlos Vázquez Freire
De 1º vogal: Ana Belen Villar Vázquez
De 2º vogal: Juan Antonio Freire Sexto
De 2º vogal: M Luz Pedreira Camba

Sección Quinta: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Silvia Duro Iglesias

1º vogal: Isabel Montero Veiga

2º vogal: Melanie Leon Riva

Suplentes:

De presidente: Daniel Pérez Conde

De presidente: Vanesa Pintor Vaamonde

De 1º vogal: Juan Jose García Tojo

De 1º vogal: Francisco Javier Ballesteros Silva

De 2º vogal: Ivan Platas Tato

De 2º vogal: María Jesus Rivas Moscoso

Sección Séptima: Mesa A

Titulares:

Presidente: María Jesus Conde Roibas

1º vogal: Sara Ces Camino

2º vogal: Cristina Gontan Lodeiro

Suplentes:

De presidente: María Teresa Barbosa Costas

De presidente: Tania Fernández Mendez

De 1º vogal: Jose Antonio Fernández Abel

De 1º vogal: José Manuel Lamas Gómez

De 2º vogal: Yolanda Curros Castro

De 2º vogal: Miguel Angel Fiuza Sobrado

Sección Séptima: Mesa B

Titulares:

Presidente: Elena Moscoso Cesar

1º vogal: Isabel Pampin Blanco

2º vogal: Fernando Parrado Vidal

Suplentes:

De presidente: María del Carmen Miguez Torres

De presidente: Alberto Pico Crespo

De 1º vogal: Silvia Tarrío Castro

De 1º vogal: Sandra Vázquez Rodríguez

De 2º vogal: María del Carmen Villar Valiño

De 2º vogal: Miguel Angel Mateos Carreira

Realizado o sorteo para a designación dos presidentes e vogais que integrarán as nove Mesas Electorais, con motivo das Eleccións ao Parlamento de Galicia, que se celebraran o vindeiro día 25 de setembro.

A Corporación Municipal –por unanimidade dos trece membros asistentes (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar o resultado do sorteo realizado.

Segundo.- Para o suposto de que algunha das persoas que resultaron designadas, en cada unha das referidas mesas electorais, non poidera ser notificada por calquera motivo, para cubrir esa baixa efectuarase un sorteo polo mesmo procedemento informático, entre aqueles electores censados na Sección electoral correspondente, que reúnan os requisitos esixidos no artigo 26 nº 2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Delegando expresamente na Xunta de Goberno Local esta competencia, para que ese sorteo se realice nunha sesión pública; facendo uso así da previsión contida neste sentido na Sentencia do Tribunal Constitucional 161/2013 de 26 de setembro, como consecuencia da comunicación remitida a este Concello pola Xunta Electoral Provincial con motivo doutro proceso electoral anterior.

Punto 3º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015.

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 6 de xullo de 2016; no seguinte sentido:

“A presidenta explicou o que é a Conta Xeral, facendo referencia tamén aos estados que inclúe dita conta, así como á nova Instrucción de Contabilidade e á tramitación do expediente; para o cal procedeuse a dar lectura do seguinte escrito que redactara para iso:

"Sométese a Comisión especial de contas o expediente da Conta Xeral do exercicio 2015. A formación da Conta Xeral é obrigatoria, de conformidade co establecido no artigo 208 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o cal establece que ao remate de cada exercicio económico procederase á elaboración deste documento, para poñer de manifesto a xestión do exercicio 2015 nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario.

O contido e a estrutura deste documento axustouse ao establecido na Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobado pola Orde EHA/1781/2013. A Conta Xeral do orzamento do exercicio 2015 é a primeira á que se lle aplica esta nova normativa, que entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2015. Por este motivo introdúcese dous novos estados: o Estado de cambios en patrimonio neto e o Estado de fluxos de efectivo. Tamén o contido da Memoria se simplifica, con respecto ao vixente na anterior instrucción de contabilidade.

A información económica que recollen todos estos estados está desenvolvida no expediente da Conta Xeral, adaptado á nova normativa contable.

A esta documentación únense:

a) Actas de arqueo das existencias en caixa, referidas a fin de exercicio.

b) Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

Este expediente tería que ser sometido á comisión antes do día 1 de xuño. Iso non foi posible, por motivos alleos a este Concello, xa que non estiveron listas as actualizacións do programa de contabilidade que proporciona a Deputación Provincial ata principios do mes de xuño.

Despois do ditame que emita a Comisión de Contas o procedemento a seguir será a exposición pública durante 15 días hábiles, para que dentro deste prazo e oito máis os interesados presenten as reclamacións que estimen oportunas. O prazo límite que fixa a LRL para a aprobación da conta xeral é o día 1 de outubro, e a remisión aos órganos de control externo deberá efectuarse antes do día 15 de outubro."

Deseguido, previa concesión do uso da palabra pola presidenta desta Comisión especial de Contas, realizáronse as seguintes intervencións:

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que teñen que estudar o tema, xa que é moita a documentación que contén o expediente, e polo tanto vaise a abster.*

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que tamén quere estudar máis detenidamente a documentación presentada, porque se trata dun asunto que contén moito detalle.*

** Do Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para manifestar que se vai abster, para estudialo mellor antes da sesión do Pleno.*

Tras o exposto, a presidenta da Comisión especial de Contas someteu a votación ordinaria a aprobación da Conta Xeral presentada do exercicio 2015.

Pronunciándose no sentido de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación os tres concelleiros do grupo político Alternativa por Arzúa (Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Carril Guerra); mentres que os outros tres concelleiros (o Sr. Lodeiro Regueiro -do PP-, a Sra. Balado Conde -do PSdeG-PSOE- e o Sr. García Couso -de CxG-CCTT)- abstivéronse."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que vai votar a favor.*

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que mantén a súa abstención neste asunto, porque descoñece esas contas do exercicio 2015, por razón da data en que empezou a desempeñar o cargo de concelleiro, aínda que supón que o expediente seguiría a debida tramitación polos servizos de intervención.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que non dubidamos da realidade desas contas, pero considera que non somos quen para vulgar se están ben.*

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por oito votos a favor (7 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE), coa abastención dos cinco concelleiros retantes (4 do PP e 1 de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a conta xeral do exercicio económico 2015.

Segundo.- Remitir esta conta ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212 nº 5 do Real Decreto Lexislativo de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Punto 4º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NA COTA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS.

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a Presidenta da Comisión que estas bonificacións solicítanse:

** Unha.- Pola COMUNIDADE DE USUARIOS DE TRAÍDA DA MOTA de SANTO ESTEVO DO CAMPO, para levar a cabo obras de aproveitamento de augas. Dita entidade constitúese en Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia, tendo como finalidade o aproveitamento das augas procedentes do manantial sito na finca “Chousa da Mota” para usos domésticos e gandeiros. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro, ao quedar sometidos os recursos que obteñan aos fins e actividades que lles son propios.*

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pronunciarse a favor da concesión da bonificación.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para pronunciarse tamén a favor da concesión da bonificación.

No mesmo sentido intervén o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), para pronunciarse a favor da concesión da bonificación.

Sen ningunha intervención mais por parte dos concelleiros, a Presidenta someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por unanimidade de votos dos membros da Comisión (4 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a concesión da antedita bonificación na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras.

** Outra.- Por Dona Nieves Andrade Sánchez, para ampliación de explotación*

de gando vacún de leite, mediante a construción de almacén agrícola.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pronunciarse a favor da concesión da bonificación.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para pronunciarse tamén a favor da concesión da bonificación.

No mesmo sentido intervén o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), para pronunciarse a favor da concesión da bonificación.

Sen ningunha intervención mais por parte dos concelleiros, a Presidenta someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por unanimidade de votos dos membros da Comisión (4 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a concesión da antedita bonificación na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras”

Constando –nas actuacións realizadas- os informes emitidos pola interventora municipal, con datas de 10 e de 31 de agosto de 2016, respectivamente; de cuxos informes dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que “*ás ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración*”.

B) Que dita ordenanza establece no seu artigo 7, apartado I “Bonificacións”, subapartados **b)** e **d)**, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, cando se trate:

b) De construcións, instalacións e obras promovidas por entidades que non persigan ánimo de lucro segundo os seus Estatutos, e

d) De construcciones, instalacións e obras promovidas por agricultores e gandeiros, para o desenvolvemento da súa actividade agrícola e gandeira.

Non realizándose ningunha manifestación en contrario por parte dos membros desta Corporación Local asistentes a esta sesión.

E considerando, *de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:*

1) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

2) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG- PSOE e 1 de CxG)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras que deseguido se indican, por concurrir circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

I) As obras de mellora de abastecemento de auga a través da traída de A Mota; para as que foi concedida licenza municipal de obras a Comunidade de usuarios da traída de A Mota-Santo Estevo de Campo, a través da súa presidenta dona María Pazos Balado, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de xullo de 2016, e

II) As obras de ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción dun almacén agrícola sobre a parcela 2046 do polígono 514, no lugar de Os Pazos da parroquia de A Mella; para as que foi concedida licenza municipal de obras a dona Nieves Andrade Sánchez, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 18 de marzo de 2016.

En cuxas sesións se aprobaron tamén as liquidacións practicadas polo concepto do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas, cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais, para poder realizar as obras indicadas nos apartados **I)** e **II)** do acordo anterior.

Terceiro.- Notificar este acordo aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Punto 5º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 4/2016.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2016, no seguinte sentido:

“Explica a Presidenta da Comisión que a transferencia de crédito é unha modificación do orzamento de gastos, a través da cal impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras partidas orzamentarias con diferente nivel de vinculación xurídica, sen alterar a contía total do mesmo.

A modificación de créditos proposta neste caso contén a seguinte desagregación:

| APLICACIÓN ORZAM. QUE DIMINÚE GASTO | | | APLICACIÓN ORZAM. QUE AUMENTA GASTO | | |
|-------------------------------------|---|---------|-------------------------------------|---|---------|
| APL. ORZAM. | DENOMINACION | IMPORTE | APL. ORZAM. | DENOMINACION | IMPORTE |
| 4311.22799 | Ferías. Otros trabajos realizados | 5.000 | 323.21200 | Funcionamento centros educacion primaria. Reparacións | 5.000 |
| 432.22602 | Ordenación e promoción turística. Publicidade e propaganda | 7.700 | 326.21200 | Servizos complementarios de Educación. Reparacións | 7.700 |
| 432.22699 | Ordenación e promoción turística. Outros traballos realizados | 6.000 | 342.21200 | Instalacións deportivas. Reparacións | 6.000 |

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que se pronunciará no Pleno.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) no mesmo sentido, manifestando que se pronunciará no Pleno.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para preguntar cales son os conceptos respecto dos cales se van transferir eses importes.

Contesta a Presidenta que en educación e deportes, onde é habitual que aparezan gastos.

Sen mais intervencións a Presidenta da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito 4/2016.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que non ten nada que engadir neste asunto.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que vai votar a favor, pero espera que cando se confeccionen os seguintes orzamentos municipais se eviten estes erros, porque aparecen partidas que quedan moi ben e despois se di que se modifican por necesidades.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que vai a votar a favor.

* Do Sr. alcalde para expresar que non se poden considerar erros, porque en todos os concellos se fan este tipo de modificacións, se trate de pasar diñeiro de unhas partidas onde pode sobrar a outras que o necesitan; así, neste caso, se tramite este expediente para poder realizar as seguintes tres actuacións: Unha obra na piscina climatizada municipal, outra obra na gardería, que consistiría neste caso en substituír a piscina de area por caucho, o cal esta pendiente dun informe do técnico e unhas obras de mantemento. En definitiva se trata de cousas de difícil previsión.

Tras o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;
Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito, nos termos indicados.

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 117 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Legislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón da transferencia de crédito agora aprobada, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 6º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2016.

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a Presidenta da Comisión que, na sesión do Pleno do mes de xuño, aprobouse un suplemento de crédito que incluía unha cantidade de 22.605,80 euros, para a realización da obra “Camiño en Magulán”, aprobándose o proxecto correspondente, e que logo de plantexarse mellor as necesidades da actuación e logo das peticións veciñais decidiuse modificar dito proxecto, alcanzando o novo proxecto modificado a cantidade de 45.718,12 euros. Polo tanto o suplemento de crédito que contempla este expediente ascende a un importe de 23.112,32 euros, que é a diferenza

entre o importe total de 45.718,12 euros e o importe inicialmente suplementado, 22.605,80 euros.

Continúa explicando a presidenta que a modificación do proxecto vai consistir en poñer aglomerado en vez de asfalto, unha vez que non se pode anhear; e que a diferenza de prezo son eses 23.112,32 euros aos que ascende o suplemento de crédito.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pronunciarse a favor do expediente.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que neste momento vaise abster; aínda que no Pleno votará a favor, e pregunta por que non se pode anhear.

Contesta Sr. Carril Guerra (de AxA) que non se pode anhear porque os veciños non deixan, algúns si, pero sa maioría non.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para manifestar que co aglomerado tampouco se anhea o camiño.

Contesta Sr. Carril Guerra (de AxA) que non se anhea, pero que dese modo aproveitase mais, e unha vez que xa non se anhea resulta mais conveniente.

Sen mais intervencións a Presidenta da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por cinco votos a favor (4 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE) e tres abstencións (2 do PP e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito 3/2016.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que non ten nada que engadir neste asunto.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que a resposta que deron os veciños, de que non deixaban anhear o camiño, non cre que sexa suficiente para non poder anhealo.
- Que se trata dun acceso que se podía mellorar.
- Que, ao non ser anheado, considera que é moito mellor o aglomerado que o asfaltado, e mais tendo en conta a experiencia negativa que houbo co asfaltado na rúa Calexa.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que esta obra é unha vella reivindicación dos veciños de Magulan; de feito houbo varias reunións con eles, e persoalmente con algún; pero basta que un se negase a ceder o terreo que ocupaba o valo para que non se poidera anhear o camiño.

- Que, como non se podía anhear o camiño, pediron que se fixese en

aglomerado, e ademais os técnicos dixeron que se un día se tiña que desenvolver urbanisticamente aquela zona, e era necesario desfacer esa obra de acondicionamento de camino, era mais complicado facelo se estaba asfaltado.

- Que a diferenza coa rúa Calexa é que aquí houbo unhas propostas dos veciños, e na rúa Calexa desde que xa estaban feitas as obras.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran a Corporación Local (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos presentada, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de complementar as seguintes partidas presupuestarias:

•A 1532.619.01 “Pavimentación de vías públicas. Outras instalacións de reposición”, cun importe de 23.112,32 euros, co obxecto de poder contratar a execución das obras incluídas no novo proxecto técnico nomeado “Camiño de Magulán (Arzúa)”, por canto que o anterior proxecto técnico, aprobado por este Concello na sesión do día 30 de xuño de 2016, por un orzamento de execución por contrata de 22.605,80 euros, foi modificado para adaptalo mellor ás necesidades de actuación e ás peticións dos veciños; o cal supón que o orzamento de execución por contrata dese proxecto técnico modificado ascenda a 45.718,12 euros.

Empregando, para financiar este expediente, unha parte do remanente de Tesourería, resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio económico (*que ascendeu a 342.446,93 euros*); polo que -despois da utilización doutras tres partes do citado remanente, na financiación de tres expedientes anteriores- restarían 1.394,17 euros.

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, se remita unha copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 7º) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO NOMEADO “CAMIÑO DE MAGULÁN (ARZUA)”.

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a Presidenta da Comisión que esta modificación do proxecto deriva do mencionado no punto anterior.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pronunciarse a favor da modificación.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que neste momento vaise abster, igual que no punto anterior, e que se pronunciará no Pleno.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) manifestando que tamén se absteñen ata pronunciarse no Pleno.

Sen mais intervencións a Presidenta da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por cinco votos a favor (4 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE) e tres abstencións (2 do PP e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a aprobación do referido proxecto técnico nos termos en que foi modificado”

Coñecido que todos os asistentes que na sesión plenaria anterior, celebrada o día 30 de xuño de 2016, ao resolver sobre o punto 3º) da súa Orde do día, nomeado “Aprobación dos proxectos técnicos nomeados:

- Reparación de fachadas e mantemento de carpintería exterior na casa do Concello e Casa Beatriz.
- Ampliación da rede de abastecemento de auga ao núcleo das Hortas, na parroquia de Dombodán.
- Camiño transversal estrada da Mota a Sobrado (Villadavil).
- Camiño de Magulan (Arzúa).

Adoptouse -entre outros- o acordo de aprobar o proxecto técnico nomeado “Camiño de Magulán”, que fora elaborado con data xuño de 2016, polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, por un orzamento de execución por contrata de 22.605,80 euros, segundo o seguinte desglose:

| | |
|--|-----------------------|
| * Presupuesto de execución material..... | 15.699,57 euros |
| • 13% de gastos xenerais..... | 2.040,94 euros |
| • 6% de beneficio industrial..... | <u>941,97 euros</u> |
| Presupuesto total..... | 18.682,48 euros |
| • IVE ao 21%..... | <u>3.923,32 euros</u> |
| * Presupuesto de execución por contrata | 22.605,80 euros |

E tendo en conta que o expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito (*que foi aprobado cando se tratou do mesmo no punto anterior da orde do día desta sesión*), foi tramitado precisamente para poder contratar a execución das obras contidas no presente proxecto técnico modificado, polos motivos que quedaron reflectidos nese acordo.

Tras traer á vista o novo proxecto técnico, resultante da modificación efectuada, que foi confeccionado tamén polo mesmo enxeñeiro de camiños, con data agosto de 2016, pero por un orzamento total de **45.718,12 euros** (*37.783,57 euros, máis 7.934,55 euros en concepto de IVE ao 21%*), co título de Proxecto modificado de Camiño de Magulán (Arzúa); no cal se preve que, dadas as características das obras, se considera necesario e suficiente un prazo de seis meses para a correcto remate das obras.

Sen que se realizase ningunha observación por parte dos concelleiros asistentes.

O Sr. Alcalde decidiu someter a votación ordinaria a aprobación do citado proxecto técnico, resultante da modificación explicada;

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran a Corporación Local- o acordo de aprobar dito proxecto técnico modificado, nos termos en que foi redactado.

Punto 8º) DESIGNACIÓN DOS DOUS DÍAS QUE SE CONSIDERARÁN FESTIVOS LOCAIS NESTE MUNICIPIO PARA O AÑO 2017.

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2016; no seguinte sentido:

“ Intervén a presidenta desta comisión informativa, Sra. Varela Duro (de AxA), para expresar:

- Que no escrito remitido pola Xefatura Territorial, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se solicita a designación dos dous días festivos locais para o ano 2017, tamén se informa de cales son as dúas festas laborais que foron designadas nesta Comunidade Autónoma para o Calendario laboral do ano 2017, así como cales son as festas de ámbito estatal que se prevén en dito calendario.

- Que, para designar os dous días que corresponden a este Concello, haberá que ver cales son as posibilidades mais axeitadas, tendo en conta o que propoñan os restantes grupos políticos e á espera da proposta que presente a Asociación de Empresarios.

- Que como unha data posible cabería considerar o 17 de xullo (luns), xa que o día 16 (domingo) é o Carmen; porque despois o día de San Juan non coincide moi ben, ao ser un sábado e o Martes de Carnaval ten a dificultade de que hai moitas persoas que xa o teñen concedido no seu traballo, e presenta o inconveniente de que está o luns por en medio.

Deseguido entrevi a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que, o grupo socialista tratou este asunto, e considerou que un dos dous días festivos locais podería ser o Luns de Pascua, que coincide co día 17 de abril, polos seguintes motivos:

- Porque únese así a outros días festivos seguidos, o cal coincide moi ben para saír fóra.*

- Porque moitos comercios xa fan festivo ese día, ao abrir o sábado, e así llo comunicaron varios comerciantes.*

- Porque ese luns non hai colexio.*

- Que, en consecuencia, ese día, mais o 17 xullo, parecenlle ben.

Concedida a palabra ao Sr. García Couso (de CxG-CCTT) manifesta que de momento non ten ningunha proposta sobre os dous días festivos locais, polo que deixará a súa opinión para a sesión do Pleno.

Tendo en conta todo o exposto, por unanimidade dos sete membros asistentes, decidiuse deixar este asunto pendente, para ser resolto na sesión que celebre o Pleno onde se inclúa o mesmo”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), a cal -tras ser preguntada polo Sr. alcalde se traía algunha proposta- contestou que os dous días que deberían ser considerados como festivos locais terían que ser o luns día 17 de xullo, por ser o día seguinte ao día do Carmen e o Luns de Pascua, polos motivos que indicou na sesión da comisión informativa.*

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), o cal -ao ser preguntado polo Sr. alcalde cal sería a súa proposta- contestou que non tiña ningunha, pero que lle gustaría saber cal era a proposta da Asociación de Empresarios, que supón que a había cando se celebrou a sesión da comisión informativa, pero que non se dixo cal era.*

Fai uso da palabra o Sr. alcalde para contestar ao Sr. García Couso, decíndolle que a Asociación de Empresarios trouxo a súa proposta despois desa sesión, e que se a houbera antes non tería ningún sentido ocultala.

(Como en relación con esta cuestión houbo un intercambio de palabras entre o Sr. alcalde e a Sra. Varela Duro por unha parte e o Sr. García Couso por outra, este concelleiro -durante ese debate- pediu que constasen en acta as expresións de “persoa retorcida” que o Sr. alcalde e a Sra. Varela Duro realizaran nun momento dese debate, cando se dirixiron ao Sr. García Couso; pedindo ademais o Sr. García Couso que constase en acta que esa manifestación se dixera de maneira reiterada pola Sr. Varela Duro.

E pide tamén a Sra. Varela Duro que conste en acta que o Sr. García Couso dixera que se ocultara a proposta da Asociación de Empresarios, o cal é mentira).

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que lle gustaría saber cal é a proposta da Asociación de Empresarios.

Manifesta o Sr. alcalde que a Asociación de Empresarios da comarca de Arzúa propón que os dous días festivos locais sexan: un, o luns 17 de xullo, que é o día seguinte á festa do Carmen e, para o segundo día, dan dúas datas: o luns 27 de febreiro o día 28 de febreiro, pro ser Martes de Carnaval.

Tendo en conta que nas propostas presentadas coinciden en que un dos días festivos locais fose o luns 17 de xullo (día seguinte ao Carmen).

Decidiu someter a votación ordinaria que un dos dous días festivos locais fose ese día.

O cal foi aprobado por unanimidade dos trece membros asistentes que integran a Corporación Local.

Polo que, para acordar cal sería o segundo día festivo local, o Sr. alcalde, decidiu someter a votación ordinaria os restantes tres días que figuraban nas propostas presentadas:

Pronunciándose:

- A favor do luns día 27 de febreiro.- O Sr. García Rodríguez, o Sr. Lodeiro Regueiro, a Sra. Quintela Pedreira e a Sra. Orois Conde (do PP), así como o Sr. Carril Guerra (de A x A)= 5 votos

- A favor do Martes de Carnaval, día 28 de febreiro.- o Sr. alcalde, a Sra. Varela Duro, o Sr. Vallo Camba e a Sra. Castro Vallo (de AxA)= 4votos.

- A favor do Luns de Pascua.- A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) e a Sra. Torreiro González (de AxA)= 3 votos.

Absténdose o Sr. Pérez Ferreira nas tres votacións.

Polo que, en consecuencia coas votacións efectuadas, quedou acordado o seguinte:

Primeiro.- A designación como días festivos locais neste termo municipal, para o ano 2017: Do día 17 de xullo (luns), por ser o día posterior ao da celebración da festividade da Virxe do Carme e do luns día 27 de febreiro, por ser o día anterior ao Martes de Carnabal; de maneira que ambos días terán o carácter de retribuídos e non recuperables.

Segundo.- Dar traslado dunha certificación deste acordo ao Xefe Territorial de Traballo e Benestar en A Coruña, da Consellería de Traballo e Benestar, para que dispoña a inclusión -no Calendario Laboral do ano 2017- dos dous días que quedaron designados.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE INTERVENCIÓN, ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo secretario indícase que ese informe refírese ao **segundo trimestre** do presente exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que *“os tesoueiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”*.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que *“a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”*.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora emitiu un informe con data 20 de xullo de 2016, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2016, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2016:

| | Dentro do período legal de pago | Fóra do período legal de pago |
|-----------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 789 | 519 |
| Importe total | 568.932,94 euros | 201.856,84 euros |
| Período medio de pago | 47,39 días | |

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do

trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

| | Dentro do período legal de pago | Fóra do período legal de pago |
|-----------------------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 170 | 0 |
| Importe total | 60.086,83 euros | 0 |
| Período medio de pendente de pago | 17,13 días | |

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora, a través do informe indicado.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 281 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, POLO QUE SE APROBOU O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Dáse conta do referido informe, emitido pola interventora municipal, con data 18 de agosto de 2016, en relación coas resolucións adoptadas pola Alcaldía, contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal no ano 2015, así como as principais anomalías en materia de ingresos.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

Punto 3º) ROGOS E PREGUNTAS

I) Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) formuláronse ao Sr. alcalde a seguintes **PREGUNTAS**:

PRIMEIRA.- No Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado no ano 2008 o

casco antigo de Arzúa quedou excluído, polo que esta prohibida toda obra que se pretenda realizar nesa zona, ata que se aprobe o Plan especial do casco antigo; e pregunta ¿Polos intereses dos propietarios, que teñen suspendida toda posibilidade de obrar e tamén para favorecer o turismo, fíxose algún trámite, ou vaise facer, para elaborar ese plan especial?

SEGUNDA.- Tendo en conta as modificacións legais habidas en materia urbanística desde que se aprobou o Plan Xeral e o cambio habido na etapa da construción, lle gustaría saber ¿Se se fixeron xa algúns traballos para modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal?

Manifesta o Sr. alcalde que a resposta a esas dúas preguntas daráselle ao Sr. García Couso na seguinte sesión plenaria ordinaria.

II) Polo Sr. García Rodríguez (do PP) formulouse ao Sr. alcalde a seguinte PREGUNTA:

UNHA.- Referente ao rogo que formulou na anterior sesión ordinaria, sobre a presentación de solicitudes por este concello no marco do Plan Hurbe, lle gustaría saber ¿Se se presentou algunha solicitude?

Responde o Sr. alcalde que había uns cartos para subvencionar ese tipo de actuacións, e segundo lle informaron a concesión de subvencións se ía realizar por orde de presentación de solicitudes, por iso non cre que vaía a haber ningunha obxección para a concesión das axudas solicitadas.

Unha vez realizadas as preguntas anteriores, o Sr. alcalde indicou que ía a dar resposta ás catro preguntas que o Sr. García Couso lle formulara na anterior sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2016; pasando a ler o alcalde a contestación que daba a esas preguntas, para que constasen na acta da presente sesión:

PRIMEIRA.- ¿ Por que no inventario de bens desta entidade local, aprobado na sesión do día 29 de abril de 2015, non figuran as rúas do Cabelo e Catro Ventos, que figuraban no inventario de bens presentado nas sucesivas sesións de constitución da Corporación Local?

Resposta:

“ Como resulta:

a) Que na sesión plenaria celebrada o día 4 de marzo de 2016 o Sr. García Couso formulou outra pregunta semellante ¿Por que se retiraron as rúas do Cabelo e Catro Ventos do inventario de bens que aprobou a Corporación Local no ano 2015, que estaban no inventario cando tomou posesión a Corporación Local o 11 de xuño de 2011?

b) Que a resposta a esa pregunta foille dada na seguinte sesión plenaria, celebrada o día 29 de abril de 2016, facilitándolle o informe emitido polo secretario con data 11 de marzo de 2016.

Comunicolle ao Sr. García Couso que a resposta á pregunta formulada na sesión do 30 de xuño de 2016, sobre o mesmo asunto, contestase integramente co informe que emitiu o secretario o día 11 de marzo de 2016, onde figuran os motivos polos que os dous viais nomeados rúa do Cobelo e rúa Catro Ventos non poideron ser incluídos no inventario de bens que aprobou o Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 29 de abril de 2015; cuxo informe lle foi facilitado ao Sr. García Couso na sesión plenaria do día 29 de abril e 2016.

Non obstante se lle volve a facilitar outra copia dese informe, e para evitar novas preguntas e respostas sobre a cuestión, deixarase constancia do referido informe na acta da presente sesión plenaria.”

Sendo dito informe o que deseguido e transcribe:

“Sendo requirido polo Sr. alcalde para que informe sobre o motivo da non inclusión de dúas rúas (nomeadas Cobelo e Catro Ventos) no Inventario de Bens desta entidade local, aprobado polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día 29 de abril de 2015; para así poder dispoñer de máis elementos de xuízo, co obxecto de responder a unha pregunta que formulou o concelleiro de Compromiso de Galicia, Sr. García Couso, durante a sesión plenaria do día 4 de marzo de 2016.

*Este funcionario vese na precisión de emitir o seguinte **INFORME:***

I) *Que, cada vez que se constituíu unha nova Corporación Local, como consecuencia das Eleccións Locais dos anos 1999, 2003, 2007 e 2011 elaborouse unha relación detallada de bens, por parte do persoal deste concello, sempre: sen data, sen sinatura, sen incluír todos os bens que foran obxecto de alta ou baixa durante os catro anos anteriores, e sen que esas relacións fosen aprobadas previamente polo Pleno do Concello; e esas relacións de bens son as que pasou a coñecer cada nova Corporación Local no día en que se celebraron as sesións constitutivas correspondentes neses anos.*

II) *Que o motivo de que se mantuveran naquelas catro relacións de bens esas dúas rúas, dentro dos bens destinados ao uso público, foi debido a que o Pleno do Concello -na sesión celebrada o día 26 de xuño de 1997- cando tratou da denominación de topónimos de diversas rúas (en concreto 13) decidiu nomear a dúas franxas de terreo, da urbanización ilegal de O Cobelo, cos nomes de Cobelo e Catro Ventos, a proposta do entón alcalde, porque facíase preciso identificalas a efectos de que en Correos poideran coñecer a dirección das persoas que vivían nas vivendas que alí había: (Dúas vivendas construídas e habitadas nas parcelas 1 e 2 da que se denominou rúa Cobelo, e outras dúas vivendas que se estaban rematando de construír sobre as parcelas 3 e 4; mentres que na que se denominou rúa Catro Ventos había dúas vivendas construídas e habitadas, sobre as parcelas 2 e 6).*

Pero sen que en ningún punto dese acordo plenario constase que eses dous viais tiveran que incluírse no inventario de bens.

III) *Que, os terreos que ocupan eses dous viais sempre foron, e son actualmente, terreos de titularidade privada; de feito no Rexistro da Propiedade figuran a nome de URBANIZACIONES ISO, S.L. (que era a sociedade propietaria dos terreos onde se realizou a urbanización ilegal de O Cobelo); tal como consta na*

certificación expedida pola Rexistradora da Propiedade, con data 26 de maio de 2014.

IV) *Que en ningún momento a sociedade URBANIZACIONES ISO, S.L. formulou a cesión deses dous viais, e por conseguinte a súa aceptación por este Concello, nin siquera de forma tácita, porque aínda ao día de hoxe non se executaron totalmente as obras de urbanización; e ata que non se aprobe polo Concello o proxecto de reparcelación non se poderá producir a entrega gratuita ao Concello do solo reservado para viais, conforme ao artigo 20 n.º 1 letra a) e b) da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

Ademais:

** Unha cousa sería o momento en que eses viais pasan a ser de titularidade municipal; cuxo momento se concreta aínda nun futuro lonxano, cando se aprobe o correspondente instrumento de equidistribución e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, xa que o proxecto de reparcelación se constitúe no título de adxudicación ao Concello das parcelas dotacionais de cesión obrigatoria e gratuita, e*

** Outra cousa é a recepción das obras; cuxo momento se concreta nun futuro aínda máis lonxano, sendo ese o acto que determina o nacemento da responsabilidade do Concello na conservación e mantemento das obras de urbanización.*

V) *Que, desde antes do ano 2014; este secretario formulou ao alcalde e á primeira tenente de alcalde a conveniencia de ter que confeccionar un inventario de bens, observando para iso os trámites legais necesarios; porque -entre outras- se daban as seguintes circunstancias:*

a) *A última vez que se aprobou en debida forma o Inventario de Bens desta entidade foi na sesión que celebrou o Pleno do Concello o día 29 de xaneiro de 1.988.*

b) *Sabiase que, no mes de maio de 2015, ían a celebrarse as Eleccións Locais, e que para o día da sesión constitutiva tiña que estar preparada a documentación relativa ao inventario de bens.*

c) *Algúns dos bens que figuraban nas relacións de bens antes referidas non cumprian os requisitos do artigo 20 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, que necesitaban observar para ser incluídos correctamente nun inventario de bens.*

d) *Foron moitos os bens inmoables, e doutro tipo, que nalgunhas sesións da Xunta de Goberno Local se acordaron comprar ou aceptar a súa cesión; sen que despois se inclúen nas relacións de bens presentadas nas sesións constitutivas de cada Corporación Local.*

E considerando o alcalde convinte que se levase a cabo a elaboración do Inventario de Bens, dispuxo que se realizasen os traballos necesarios para iso por parte do persoal deste concello, o cal supuxo moitas horas de traballo aos dous traballadores que máis directamente nos implicamos nesta tarefa (o secretario e a auxiliar de secretaría), posto que houbo que revisar expedientes que estaban xa no Arquivo, solicitar información ao Rexistro da Propiedade, consultar cos traballadores encargados dos servizos de mantemento... etc.

Resultando que se poideron rematar os traballos, para ser sometido o Inventario de Bens así elaborado á Comisión especial de Contas o día 14 de abril de 2015, e ser aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 29 do mesmo mes.

*E, polos motivos expostos nos apartados **II), III) e IV)** do presente informe, este secretario considerou que o correcto legalmente era non incluír no Inventario de Bens aqueles dous viais; sobre os cales tampouco existe ningún rótulo identificativo, nin indicativo, sobre o terreo, porque son terreos de propiedade particular, nin tan sequera teñen construídas as beirarrúas, e cando figuraron nas relacións de bens antes indicadas resulta que constaban cunhas dimensións totalmente inexactas en canto a súa anchura e lonxitude (basta observar -entre outras medidas- que a nomeada rúa Catro Ventos figuraba cunha lonxitude de 275 metros de longo e na realidade do terreo ten 151 metros)."*

SEGUNDA.- ¿Quen elabora os cuestionarios para as probas de selección de persoal?

Resposta:

O Sr. Concelleiro non ten máis que mirar no Taboleiro de Anuncios a constitución dos tribunais que compoñen cada proceso selectivo, para saber a contestación a esa pregunta.

A modo de exemplo direille:

- Que o tribunal de selección do Educador familiar elaboraron as preguntas do exame tipo test, repartindo un número delas, e o mesmo día do exame xuntáronas; e o suposto práctico foi elaborado por elas mesmas o mesmo día do exame. Ao final felicítáronme persoalmente por deixalas obrar con total liberdade.

- Que, no caso do Axente Tic, houbo un cambio por problemas co Departamento da Xunta ao que se pedira un membro do Tribunal, e cambiouse por un profesor do IES.

- Que, no caso dos profesores do Conservatorio; o tribunal reuniuse previamente para elaborar os criterios que se terían en conta para puntuar a unidade didáctica en que consistiu o exercicio teórico; e o mesmo en canto á proba de instrumento, en que consistiu o exercicio práctico.

- Que, no caso da contratación do persoal de servizos varios pola subvención do Risga, puntúan méritos e puxéronse de acordo nas cuestións formuladas na entrevista os membros do tribunal, que neste caso eran o técnico do concello e traballadores do servizo de mantemento.

- Que, no caso da contratación de tres traballadores con orzamento propio, son tamén o técnico e os traballadores que formaban parte do tribunal, os que desenvolven as probas.

TERCEIRA.- ¿Cal é o motivo de que a Aula de informática leve mais de sete meses sen funcionar?

Resposta:

A cronoloxía do proceso de selección do Axente Tic, foi a seguinte:

1. Resolución concesión da subvencións: o día 11 de decembro de 2015.

2. Notificación de dita resolución: o día 14 de decembro de 2015

A partir de aquí pásase a elaborar as Bases para a contratación do Axente Tic.

Os servizos xurídicos do Concello informan que a modalidade de contratación

ten que ser a de funcionario interino por programa. Unha figura que xa aparecía na Lei Estatal, pero que a partir do mes de maio do 2015 queda regulada tamén na Lei de Emprego Público de Galicia. Este modelo de contratación implica que as retribucións teñen que contemplarse nas bases de execución do orzamento.

3. O orzamento apróbase o día 4 de marzo do 2016.

4. A data de entrada en vigor de dito orzamento é o día 1 de abril de 2016.

5. Apróbanse as bases pola Xunta de Goberno na sesión do día 12 de abril de 2016.

6. Publicación na prensa, BOP e DOGA. A publicación do DOGA marca o comezo de prazo para a presentación de solicitudes. Aparece publicado no DOGA o día 10 de maio. Os aspirantes teñen dez días de prazo para presentar solicitudes, e rematado ese prazo publícase a lista de admitidos e excluídos. Hai un prazo de dez días para subsanar a documentación presentada polos candidatos.

7. A valoración de méritos faise o día 27 de xuño e a entrevista o día 1 de xullo. A proba de galego o día 5 de xullo. O decreto de contratación faise o día 19 de xuño.

Entre medias problema co presidente do tribunal, que se soluciona en tempo récord, dun día para outro, coa dificultade que hai para crear este tipo de tribunal, pola titulación que debe ter o presidente.

Recalcar que esta modalidade de selección de persoal non se fixera nunca no Concello. Ten ventaxas importantes: Como é a posibilidade de que o prazo de duración da interinidade poida acadar os tres anos, ampliables ata doce meses mais de xustificalo a duración do programa para o que se realizou o nomeamento.

CUARTA.- ¿Coñece o alcalde que no solo industrial programado, e a partir dun alpendre, se está construíndo unha vivenda unifamiliar?

Resposta:

O Sr. García Couso coñece perfectamente cales son os cauces para facer este tipo de denuncia; e o Pleno do Concello non é o cauce; polo que tería que presentar unha solicitude poñendo os datos da persoa que estea realizando a construción e concretar mais; ou ben acudir á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, cando a edificación estea construída nun solo que reúna as condicións do solo rústico.

É norma habitual non facer caso a anónimos que se envían para facer denuncias respecto a algún veciño; sempre se pide que se dea o nome e apelidos.

Manifesta o Sr. García Couso que teñen que ver os anónimos con el.

Responde o Sr. alcalde que non ten ningún problema en saber se houbo unha actuación ilegal, pero para iso o Sr. García Couso debe seguir o cauce indicado. Seguro que se trata dalgunha persoa coa que o Sr. García Couso ten algunha venganza pendiente.

Pide o Sr. García Couso que conste en acta esta manifestación do Sr. alcalde.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.25 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.

